

Acción de transferencia tecnolóxica nº 12/068

Divulgación técnica e transferencia de resultados de investigación mediante páxinas web

Antecedentes e xustificación

Unha das críticas que se fai da investigación en xeral e da investigación agraria en particular é que a maior parte dos coñecementos e o traballo dos investigadores non se transfire e queda almacenado “nos caixóns”, ou queda no ámbito dos congresos nun reducido número de “expertos” ou “eruditos” nas materias sin que o coñecemento chegue aos técnicos e agricultores. Esta preocupación e a necesidade de corrección foi manifestada recentemente polo comisario europeo de Agricultura, Dacian Cioloș, o pasado 7 de marzo en Bruxelas na conferencia “Enhancing Innovation and the Delivery of Research in European Agriculture”, un encontro onde se discutiron os principais elementos da UE de apoio na investigación e a innovación para o sector agrícola despois de 2013.

Desde a desaparición do Servizo de Extensión Agraria, existe un baleiro na transferencia de tecnoloxía desde os centros de investigación ao sector agrogandeiro, xa que ningunha institución colleu o relevo na transmisión de coñecementos.

Por desgracia, o esforzo da consellería na realización de accións de transferencia (campos de ensaio, campos de demostración, etc) non se reflicte suficientemente na transmisión dos resultados aos técnicos e agricultores galegos.

As novas tecnoloxías como a televisión e sobre todo internet, deron a oportunidade da comunicación e transferencia de tecnoloxía de xeito universal, de forma moi eficiente, como nunca se puido imaxinar. Este modelo de transferencia está sendo amplamente utilizado polas Universidades de EEUU para a difusión de coñecementos ao sector agrario.

O CIAM iniciou a transferencia de coñecementos a través da súa páxina web, a partir do ano 2009, gracias as accións de transferencia financiadas pola Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais www.ciam.es; pola mesma época, o CEFA de Guísamo creou a súa páxina web, pero desde xuño de 2011 non se actualiza por falta de financiamento.

Obxectivos

Transferir de forma eficiente aos técnicos e agricultores os coñecementos derivados da Investigación Agraria.